

# Programación da disciplina

**Nome do centro:** Escola de Arte e Superior de Deseño “Mestre Mateo”

**Titulación:** Estudos Superiores en deseño de PRODUCTO

**Materia:** Linguaxes e técnicas de representación e comunicación

**Disciplina:** Sistemas de Representación

**Curso:** 1º

**Carácter:** Formación Básica

**Tipo:** Teórico-práctica (anual)

**Docente:** María José Prada Rodriguez

**Ano académico:** 2018/19

## Índice

<b>1</b>	<b>Identificación e contextualización.....</b>	<b>2</b>
<b>2</b>	<b>Organización dos contidos.....</b>	<b>2</b>
<b>3</b>	<b>Avaliación.....</b>	<b>4</b>
	3.1 Criterios de avaliación.....	4
	3.2 Procedemento.....	4
	3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.....	5
	3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación.....	5
	3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais.....	6
<b>4</b>	<b>Metodoloxía, recursos e actividades complementarias.....</b>	<b>6</b>
	4.1 Actividades introductorias .....	6
	4.2 Exposición maxistral .....	6
	4.3 Prácticas presenciais .....	6
	4.4 Prácticas non presenciais .....	6
	4.5 Titorías docentes .....	6
	4.6 RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS:.....	6

# 1 Identificación e contextualización

Idiomas	Galego /Castelán
Departamento	Deseño de Moda
Profesor/a	María José Prada Rodríguez
Correo electrónico	<a href="mailto:mpradar@gmail.com">mpradar@gmail.com</a> / <a href="mailto:mariaprada@edu.xunta.es">mariaprada@edu.xunta.es</a>
Web	<a href="http://www.easd.es">http://www.easd.es</a>
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: 6 Horas totais: 150 Horas de clase semanais: 2 Horas de clase no curso: 78 Horas de traballo non presencial: 72 Horas titorias: 8
Horario	Horario de clase semanal: GRUPO A: Xoves 9:00-11:00 GRUPO B: Martes 12:20-14:20 GRUPO C: Venres 9:00-11:00 Horario de titorias: Martes e Mércores 9:00-10:00; Venres 12:00-13:00
Descritores	-Xeometría plana e descritiva. -Coñecemento e análise dos distintos sistemas de representación. -Métodos de investigación e experimentación propios da materia.

# 2 Organización dos contidos

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
1	Introducción aos contidos.	<ul style="list-style-type: none"><li>Normas, prazos e recursos da disciplina. Prazos de entrega dos traballos e criterios de avaliación. Soportes, materiais e ferramentas do debuxo.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>2 horas</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>1ª sesión (24-28 Setembro)</li></ul>
2	Fundamentos dos Sistemas de Representación	<ul style="list-style-type: none"><li>Fundamentos dos sistemas de Representación. Proxección e escala.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>2 horas</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>2ª Sesión (1-5 Outubro)</li></ul>

3	O Sistema Diédrico	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Representación de punto, recta, plano. Relaciones de pertenza, paralelismo, perpendicularidade. Elementos notables.</li> <li>▪ Transformacións: abatimentos, xiros e cambios de plano</li> <li>▪ Representación de formas poliédricas e volumes de revolución</li> <li>▪ Verdadeiras magnitudes e interseccións</li> <li>▪ Desenvolvemento de sólidos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 26 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3ª Sesión (8-11 Outubro)</li> <li>▪ 4ª Sesión (15-19 Outubro)</li> <li>▪ 5ª Sesión (22-26 Outubro)</li> <li>▪ 6ª Sesión (29 Out-2 Nov)</li> <li>▪ 7ª Sesión (5-9 Nov)</li> <li>▪ 8ª Sesión (12-16 Nov)</li> <li>▪ 9ª Sesión (19-23 Nov)</li> <li>▪ 10ª Sesión (26-30 Nov)</li> <li>▪ 11ª Sesión (3-5 Dec)</li> <li>▪ 12ª Sesión (10-14 Dec)</li> <li>▪ 13ª Sesión (17-21 Dec)</li> <li>▪ 14ª Sesión (9-11 Xan)</li> <li>▪ 15ª Sesión (14-18 Xan)</li> </ul>
5	Proba de avaliación 1 Cuatrimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba teórico-práctica de control</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 21-25 Xan</li> </ul>
6	Sistemas de Representación: Sistema Axonométrico	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Fundamentos, proxeccións, coeficientes de redución.</li> <li>▪ Axonometría ortogonal (persp. Isométrica)</li> <li>▪ Axonometría oblicua (perspectiva cabaleira e militar)</li> <li>▪ Obtención de interseccións e verdadeiras magnitudes. Representación de figuras poliédricas e de revolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 12 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 16ª Sesión (28 Xan- Feb)</li> <li>▪ 17ª Sesión (28 Xan- Feb)</li> <li>▪ 18ª Sesión (4-8 Feb)</li> <li>▪ 19ª Sesión (11-14 Feb)</li> <li>▪ 20ª Sesión (18-21 Feb)</li> <li>▪ 21ª Sesión (25-28 Feb)</li> </ul>
7	Sistemas de Representación: Sistema Cónico	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Fundamentos do Sistema Cónico. Perspectiva central e oblicua.</li> <li>▪ Representación de rectas e planos. Puntos de concurso, puntos de medida.</li> <li>▪ Práctica da perspectiva lineal: 1 punto de fuga</li> <li>▪ Práctica da perspectiva lineal: 2 puntos de fuga</li> <li>▪ Representación cónica de sólidos. Interseccións. Análise da elección do punto de vista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 12 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 22ª Sesión (11-15 Marzo)</li> <li>▪ 23ª Sesión (18-21 Marzo)</li> <li>▪ 24ª Sesión (25-29 Marzo)</li> <li>▪ 25ª Sesión (1-5 Abril)</li> <li>▪ 26ª Sesión (8-12 Abril)</li> <li>▪ 27ª Sesión (23-26 Abril)</li> </ul>
8	Representación de sombras	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Sombras dunha figura plana en varios sistemas. Iluminación por raios paralelos</li> <li>▪ Sombras dunha figura tridimensional en varios sistemas. Iluminación por raios paralelos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 8 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 28ª Sesión (29 Abril-3 Mayo)</li> <li>▪ 29ª Sesión (6-10 Mayo)</li> <li>▪ 30ª Sesión (13-17 Mayo)</li> <li>▪ 31ª Sesión (20-24 Mayo)</li> </ul>
9	Proba de avaliación Ordinaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba teórico-práctica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 27-30 Maio</li> </ul>
10	Proba de avaliación Extraordinaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba teórico-práctica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2 horas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 24 Xuño-5 Xullo</li> </ul>

## 3 Avaliación

---

A Avaliación desenrolase de acordo a lexislación vixente e o currículo da disciplina. Consta dun proceso de avaliación continua baseado na asistencia a clases e desenvolvemento dos proxectos/traballos plantexados, seguindo sempre as pautas expresadas na presente programación da disciplina e da guía da materia.

### 3.1 Criterios de avaliación

O Alumnado deberá ser capaz de:

- Manexar correctamente os materiais de debuxo e empregar axeitadamente as correspondentes técnicas gráficas relacionadas co debuxo técnico.
- Aplicar trazados xeométricos básicos dentro dos deseños da especialidade e aplicar correctamente a xeometría descriptiva e os sistemas de representación para a correcta resolución de problemas de carácter gráfico.
- Plasmar o deseño nun proxecto de tal forma que quede definido e permita a súa realización.
- Coñecer as Normativas universais de representación e acotación, para que os seus proxectos poidan ser entendidos en calquera lugar.
- Adquirir unha metodoloxía de traballo para desenvolver pautas específicas para representar correctamente os deseños propios da especialidade.
- Desenvolver a creatividade e a sensibilidade artística, e a visión espacial.

### 3.2 Procedemento

Ao longo do curso e en tódalas sesións se impartirá unha clase de contidos teóricos, que serán de aplicación nos exercicios a realizar en horas de traballo presencial e non presencial.

Estes exercicios se entregarán nas datas fixadas e terán unha calificación de 0 a 10.

A entrega nas datas fixadas de todos os exercicios propostos e calificados todos eles con notas sempre iguais ou superiores a 5 implicará a aprobación final da asignatura coa nota que resulte da media ponderada das notas acadadas<sup>1</sup> en todos os exercicios e na proba cuatrimestral, sen necesidade de ter que se presentar ao exame final. Neste suposto, a presentación a este exame terá coma único obxectivo mellorar a nota final do alumno, obtida coa aprobación previa de todas as prácticas.

---

<sup>1</sup> Segundo a proposta de calibración das porcentaxes de cualificación das programacións para o curso 2018/19 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que no caso das disciplinas teórico-prácticas se establece do xeito seguinte: 20% probas teóricas / 65% prácticas / 10% traballo diario na aula / 5% atitude e participación.

No caso de que o alumno non teña entregado un mínimo do 70% das prácticas na data fixada ou que, ténndoas entregadas todas a tempo, suspenda algunha delas, terá que se presentar obrigatoriamente ao exame final para poder superar a asignatura. Neste caso, a nota final será a que obteña no exame final.

### 3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

**EXERCICIOS PRÁCTICOS** A realizar de xeito continuado durante o curso, serán calificados de 1 a 10. A entrega de todos eles en tempo e forma e a superación de todos eles con notas iguais ou superiores a 5 implica a aprobación final da asignatura. Neste caso a nota final será a media aritmética de todas as notas obtidas en todos os exercicios propostos.

**CONTROL DE ASISTENCIA** Pra aprobar a asignatura mediante a realización, entrega e superación dos exercicios prácticos será imprescindible a asistencia continuada á aula . Non é posible aplicar a avaliación continuada a aqueles alumnos que acumulen un 20 % de ausencias destas características. Aqueles alumnos que acumulen un 10% de faltas sen xustificar incurrirán na mesma circunstancia. En ámbolosdous casos, serán derivados á proba ordinaria de Maio-Xuño, tendo ademáis que presentar todas as prácticas que no curso estiveran non presentadas ou suspensas.

**EXAME FINAL** A realizar ao final do Curso nas datas que se anuncien. Presentaranse a él os alumnos que , tendo superada a asignatura por teren aprobado todos os exercicios propostos ao longo do curso, queiran acadar unha nota final máis alta da que lles corresponde pola media aritmética das obtidas nos exercicios prácticos. Tamén terán que se presentar obrigatoriamente ao exame final todos os demais alumnos que se atopen suspensos por non teren presentado en tempo e forma algun dos exercicios propostos durante o curso ou, ténndoos presentado, resulten suspensos nalgún deles.

Os criterios de cualificación faranse efectivos de acordo coa seguinte ponderación:

- 20% probas teóricas (exames)
- 65% prácticas
- 10% traballo diario na aula
- 5% atitude e participación

### 3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

Para superar calqueira avaliación extraordinaria, cómpre aprobar un exame teórico-práctico cunha nota igual ou superior a 5, procedendo a se avaliar de xeito conxunto toda a materia.

### **3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais**

En caso de contar con alumnado con necesidades educativas especiais, fomentarse a súa integración a través de un proceso de atención individualizada, na procura en todo momento de darlle as pautas necesarias e adaptadas as súas necesidades educativas.

Plantexaranse actividades de complemento, que potencien una maior atención en busca de una profundización dos conceptos aplicados, así como actividades de reforzo que fagan posible que o alumno adquira os conceptos da disciplina dentro das súas posibilidades. Potenciarase a atención individualizada na aula e nas titorías.

## **4 Metodoloxía, recursos e actividades complementarias**

---

### **4.1 Actividades introductorias**

Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.

### **4.2 Exposición maxistral**

Explicación por parte do profesorado na aula dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas.

### **4.3 Prácticas presenciais**

Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a partires dos contidos teóricos.

### **4.4 Prácticas non presenciais**

Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.

### **4.5 Titorías docentes**

A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar as prácticas.

### **4.6 RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS:**

-Izquierdo Asensi F. *Geometría Descritiva*. Madrid, Ed, Paraninfo (última edición)

-García Gómez T., *Apuntes de Dibujo Técnico*. Granada, Ed. Alarcón, 2010.

- Morasso E. Y Bueno M., *Dibujo 1º*. Magisterio Casals, 1991.
- Bartschi W., *El estudio de las sombras en perspectiva*. Barcelona, Gustavo Gili, 1980.
- Franco Taboada, J. A., *Geometría Descriptiva para la Representación Arquitectónica. Vol. 1. Fundamentos*. Santiago de Compostela, Andavira, 2011.
- Franco Taboada, J. A., *Geometría Descriptiva para la Representación Arquitectónica. Vol. 2. Geometría de la Forma Arquitectónica*. Santiago de Compostela: Andavira, 2011.

Santiago, 15 de Outubro de 2018

Asdo.,

María José Prada Rodríguez